

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

Estimadas familias:

Con esta circular queremos informaros da convocatoria da **primeira xuntanza de pais por clases**. Como sempre, témolas axiña para poder traballar, canto antes, en unidade de intencións e planificación.

As familias de Ed. Infantil e Ed. Primaria teredes reunión na aula dos vosos fillos cos seus titores. Non hai reunión conxunta no salón.

As familias de ESO e Bacharelato, **nunha primeira parte**, proporcionaremosvos información xeral das etapas educativas, algunhas novidades e cambios deste novo curso. **Na segunda parte, xa nas aulas**, os titores proporcionarán **información** sobre o comezo do curso, o grupo-clase dos vosos fillos e pedirán a vosa colaboración nos temas educativos centrais de cada idade.

Citámosvos, pois, para os días indicados nas clases ou no salón de actos do Colexio:

LUNS, 2 de outubro:	Infantil	ás 19 horas, na clase correspondente
MARTES, 3 de outubro:	Primaria	ás 19 horas, na clase correspondente
MÉRCORES, 4 de outubro:	Secundaria	ás 19 horas, no salón de actos
XOVES, 5 de outubro:	Bacharelato	ás 19 horas, no salón de actos

A vosa asistencia a esta primeira reunión é fundamental: **CONTAMOS COA VOSA ASISTENCIA: “a túa ledicia, a miña”**

IMPORTANTE:

- 1.- Haberá gardería para os alumnos pequenos na ludoteca.
- 2.- Haberá biblioteca para os alumnos máis maiores.
- 2.- Poderase aparcar no patio do Colexio.

Sen outro particular, recibide con estas liñas o noso máis cordial saúdo neste comezo de curso 2017-2018.

O EQUIPO DIRECTIVO